

IV CONCURSO DE RELATO CURTO

ENTROIDO 2018



Convócase a cuarta edición do concurso de relatos de Entroido no IES número 1 coas seguintes

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Poderá participar todo o alumnado matriculado no IES Número 1.
2. Establécense dúas categorías:

A) 1º, 2º e 3º da ESO

B) 4º da ESO, Bacharelato (diúrno e adultos) e ESA

3. Os traballos serán relatos de non máis de 300 palabras. A temática deberá xirar arredor do Entroido e neles terá que aparecer a mención, dun xeito ou doutro, a un crego, un autobús e unha filloa.




4. Cada alumno ou alumna poderá participar cun relato.
5. Os traballos serán orixinais e inéditos. Nada de fedellar en google... Os dereitos dos mesmos pertencerán ao centro educativo.
6. Os traballos poden ir escritos en lingua castelá ou lingua galega. Queda permitida a mestura das dúas linguas sempre e cando se faga de xeito harmónico e o requira e/ou permita a coherencia e adecuación do relato.



7. Os orixinais entregaranse na secretaría do centro, a man ou impresos e sen asinar, dentro dun sobre no que figurará o PSEUDÓNIMO e o curso do alumno/a.

Ademais, o sobre debe conter no seu interior os datos do participante (pseudónimo, nome, apelidos, grupo e curso) nunha folla aparte.



8. A data límite de presentación de traballos é o luns 5 de febreiro ás 12.00 h.



9. O xurado estará composto polos membros dos equipos de Biblioteca e Dinamización da Lingua Galega que, reunidos para o caso, deliberarán e emitirán un fallo axeitado á ocasión.
10. O fallo do xurado será comunicado o venres 9 de febreiro.

11. Concederáse un premio por cada categoría (A, B), que consistirá nun vale en material deportivo/ material informático/ libros por valor de 50 €.

12. Os relatos non premiados serán triturados e feitos desaparecer de xeito anónimo nun enterro da sardiña aínda por determinar; algún pode ser rescatado...

